





Concello de Cangas

ACORDO DO TRIBUNAL DE SELECCIÓN DE VALORACIÓN DO SEGUNDO EXERCICIO PARA A SELECCIÓN MEDIANTE OPOSICIÓN DUN AUXILIAR ADMINISTRATIVO COMO FUNCIONARIO INTERINO E LISTA DE AGARDA



Reunido o Tribunal en data 1 de abril de 2019 ós efectos de proceder á estimación ou desestimación das alegacións presentadas ó segundo exercicio de conformidade cas bases reguladoras do proceso, adoptáronse os seguintes acordos:

Primeiro: Desestimar as alegacións presentadas polos aspirantes a continuación relacionados:




- María José González Vilas na que alega que grabou o seu exercicio no equipo informático e que e imposible que apareza un DNI diferente grabado no equipo.

Compre desestimala xa que o Tribunal realiza a corrección dos exames partindo da documentación recibida do IES Rodeira. O ficheiro subido presentaba esas características e non existe proba en contrario que sustancie a súa reclamación.

- Margarita Álvarez Álvarez na que alega que está segura de que fixo o exame e o deixou grabado no equipo dentro da carpeta co seu DNI.


Compre desestimala xa que o Tribunal realiza a corrección dos exames partindo da documentación recibida do IES Rodeira. O ficheiro subido presentaba esas características e non existe proba en contrario que sustancie a súa reclamación.



- María Teresa González Otero na que tras requerir determinadas actuacións solicita que se deixe sen efecto a proba por vulneración do principio de igualdade ó acceso á función pública.

Compre desestimala xa que non se observan no procedemento as irregularidades mencionadas sustantivas dunha lesión os principios de igualdade no acceso a función pública xa que a celebración do segundo exame foi publicitada e a as bases da convocatoria sinalan:

“Os/as aspirantes que superaran o primeiro exercicio serán convocados/as no día, hora e lugar que sinala o Tribunal para a realización do segundo exercicio que consistirá nunha proba de coñecementos de informática a nivel usuario de contornos operativos windows, linux ou similares, manexo de ferramentas de ofimática (open office ou similar) e de utilidades básicas de internet nos ditos contornos (navegación, correo electrónico, etc), no tempo que estableza o órgano de selección. Cualificarase a limpeza e exactitude das tarefas realizadas e a corrección que presente as mesmas, de conformidade cun baremo obxectivo que estableza o dito órgano antes de iniciarse o exercicio. “ polo que deixan o Tribunal determinar o día, hora e lugar da proba e un amplo marxe á hora de plantexar o exame.




Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850




Concello de Cangas



- María Budiño Vieira DNI: 53113227 (Número de Rexistro 2775 de 7 de marzo) que sinala que resulta imposible cumprir co requisito do espazo restante atendendo ó resto de características esixidas.


Compre desestimar a alegación xa que houbo exames que si cumpriron con tódalas características esixidas.



Segundo: Elevar a definitiva a relación de aspirantes que superaron a segunda proba recollidos no acordo de data 4 de marzo de 2019.

Terceiro: Eximir da proba de Galego a Salvador Gómez García por presentar antes da data da proba xustificante do certificado en Lingua Galega.



Cuarto: Aprobar e publicar a relación de aspirantes que por orden de puntuación superaron o proceso selectivo (Anexo II)



Quinto: Determinar o aspirante aprobado: Marta Pereira Martínez.

Sexto: Remitir ó órgano competente o presente acordo.

O TRIBUNAL DO PROCESO DE SELECCIÓN



Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850